

MANIFESTO

DE CASTRELO DE MIÑO



unicef 
para cada niño



Ciudades
Amigas
de la Infancia


Construindo cidades

Amigas da Infancia

n Galicia

I ENCONTRO GALEGO
DE CONSELLOS DE
PARTICIPACIÓN INFANTIL
E ADOLESCENTE

Castrelo de Miño
9 de xuño de 2019



MANIFESTO

DE CASTRELO DE MIÑO

Os nenos, nenas e adolescentes participantes no **Primeiro Encontro Galego de Participación Infantil e Adolescente** celebrado os días 8 e 9 de xuño de 2019 en **Castrelo de Miño** (Ourense), en representación dos órganos de participación local da comunidade e no marco do 30 Aniversario da Convención sobre os Dereitos do Neno, facemos público o presente manifesto que recolle as nosas conclusións ao redor dos temas que nos afectan.

PARTICIPACIÓN

Cara a formación do Consello Galego de Participación Infantil e Adolescente, desde o grupo de participación expoñemos as seguintes **conclusiones**:

- Pensamos que o elemental é ter un obxectivo común para todos os concellos amigos da infancia.
- Queremos unha implicación do goberno autonómico nas reunións que realicemos.
- O traballo do Consello debe ter unha continuidade periódica, que nos asegure que teremos reunións frecuentes para poder implicarnos máis en todo o que queremos realizar. Gustaríanos ter reunións autonómicas trimestrais e de maneira máis frecuente a nivel provincial.
- Creemos que as reunións deberían realizarse de maneira rotatoria nos diferentes concellos que participan para así coñecer como traballan, a súa contorna e que cousas propoñen.
- Gustaríanos traballar en temas globais que afectan aos nenos e nenas de toda Galicia, para así chegar a todos coas nosas propostas.
- Gustaríanos ter presenza dos cargos políticos nos plenos e nas videoconferencias para que coñezan de primeira man as nosas propostas.
- Gustaríanos ter a posibilidade de falar en galego, xa que é a nosa lingua, pero sempre dando a oportunidade de falar en castelán a aqueles que o prefiran.
- Gustaríanos dividirnos en grupos de traballo para poder ter unha especialización e estar abertos ás peticións que poidan xurdir por parte dos nenos e nenas, para non deixar ningún tema de lado.

Quereríamos que o que traballemos sexan propostas nosas, do que a nós nos parece importante e nos preocupa e que moitas veces non son tratadas publicamente.



- Queremos que as propostas sexan aprobadas por consenso e se non por maioría.
- Gustaríanos ter un regulamento de funcionamento do Consello e contar co apoio dun equipo dinamizador.
- Gustaríanos que puideran participar nenos, nenas e adolescentes de varias idades, de entre 10 e 17 anos para contar con opinións diversas. Se alguén máis pequeno quere participar podería formar parte.
- Para a composición do Consello contariamos cun mínimo de dúas persoas como voceiros/as de cada Consello local e un máximo de catro, divididos entre nenos e nenas.
- Pensamos que para conformar o Consello deberíamos elixilos entre os que se presentan de maneira voluntaria, dunha forma secreta e indelegable.
- Se algunha vez temos que reunirnos por videoconferencia, gustaríanos contar cos recursos necesarios para poder comunicarnos entre nós.
- Gustaríanos poder recibir o apoio e os recursos necesarios por parte da Xunta de Galicia para o bo funcionamento do Consello e resolver calquera dúbida que poida xurdir.
- Os participantes do Consello Autonómico comprometeríamonos a falar con nenos, nenas e adolescentes doutros Concellos que non teñan grupo de participación para poder trasladar as súas propostas e demandas.

- Para poder comunicar o noso traballo gustaríanos contar cunha rede social, por exemplo Twitter ou Instagram.

Nós xa estamos comprometidos e esperamos contar con ese mesmo compromiso por parte do goberno e daqueles que toman as decisións, porque están tomándoas por nós.

EDUCACIÓN

Estas son as cousas que cremos máis importantes no tema da educación:

Oportunidades: Cando hai demasiadas complicacións na educación o estudante desiste, necesitamos **igualdade de oportunidades**.

Diversión: Profesores con **clases máis dinámicas** que capten a nosa atención para que nos divirtamos aprendendo.

Familia: Precisamos sentirnos **integrados** no colexio para sentirnos como unha familia.

Liberdade: Os nenos e nenas queremos **escoller** que estudar segundo o que nos guste para formarnos como persoas.

Amor: Queremos sentirnos amados, queridos e incluídos.

Exemplos: Necesitamos **bos exemplos** adultos naquilo que queremos aprender para tomalos como **referencia** e que nos ensinen comportamentos e valores da escola.

Respecto: Para unha boa convivencia na aula necesitamos respecto en tres sentidos: un alumno debe ter respecto ao seu profesor e este debe ser correspondido, igual que todos os alumnos/as deben respectarse entre eles e elas.

Diversidade: Nun colexio hai diversidade porque todos somos diferentes e necesitamos profesionais que nos axuden a resolver as nosas dificultades con paciencia.

Discriminación: Que non se discrimine ni por etnias, cores ou gustos. Necesitamos a **concienciación** de todos os estudantes desde pequenos para solucionar todo tipo de discriminación.



Infraestruturas: Necesitamos **instalacións adaptadas cos recursos necesarios** para o noso desenvolvemento, ademais de infraestruturas en condicións para estar a gusto á hora de estudar. Para isto necesitamos **maiores orzamentos para a mellora dos colexios** que non dispoñen desas vantaxes necesarias.

CAMBIO CLIMÁTICO

Estas son as propostas que o grupo traballou sobre cambio climático:

1. Gustaríanos que a xente tirase o lixo no contedor adecuado para a súa reciclaxe.
2. Gustaríanos que houbera cinzeiros nos lugares públicos para non ver cabichas no chan.
3. Facilitar o acceso ao punto limpo, no caso de que estea moi lonxe.
4. Non malgastar diñeiro público en proxectos inservibles, como por exemplo poñer bancos mirando a edificios.
5. Queremos sensibilizar á xente para que non se colla o coche para distancias cortas.
6. Gustaríanos que se utilizaran máis outros medios de transporte menos contaminantes, como por exemplo as bicicletas, e que os condutores, sobre todo nas zonas rurais, respectaran aos ciclistas e que non poñan en perigo as súas vidas.
7. Mellorar o servizo de transporte público con máis mobilidade de autobuses e trens.
8. Desenvolver proxectos para promover o comercio local con alimentos de Km0.
9. Reutilizar os plásticos de diferentes maneiras: por exemplo unha nova moda, facer saias para reciclar plástico.
10. Concienciar á poboación para reducir o consumo.
11. Obrigar ás empresas á reciclaxe dos materiais.
12. Prohibir o uso do plástico para envolver alimentos.
13. Reforzar as tres R: Reducir, Reutilizar e Reciclar.



POBREZA



A pobreza é a falta de recursos, tanto económicos como sociais. Diferéncianse dous tipos:

Pobreza relativa que é definida pola propia cultura ou sociedade e para uns pode ser non ter recursos e para outros non poder comprar un coche.

Pobreza absoluta: esta úsase en termos globais, a que non cobre as necesidades básicas.

En Galicia temos menos pobreza xa que no rural tes a oportunidade de cultivar o teu propio alimento, aínda así, un neno de cada catro vive en risco de pobreza.

Causas: A pobreza depende maioritariamente da política, que cambia en función de cada país. Esta pode provocar situacións de guerra e conflito que desencadea en escravitude, explotación infantil, mala repartición de recursos, etc.

Tamén hai casos nos que hai unha mala educación que provoca que nun futuro non poidas atopar traballo.

Certos imprevistos tamén poden deixarnos permanente ou momentaneamente en situación de pobreza. Outros motivos serían por exemplo a ludopatía ou outro tipo de adicción.

Consecuencias: Algunha destas son por exemplo: fame, enfermidades físicas e psicolóxicas (depresión, ansiedade), malnutrición, mal desenvolvemento, etc..

SOLUCIÓN

Para solucionalo propoñemos:

- Creación de novas fundacións que axuden ás persoas sen recursos.
- Crear centros de axuda (albergues, comedores sociais, etc.)
- Novas axudas para as familias (bonos de desconto, axudas por maternidade ou cheques bebé)
- Subir o prezo dos “caprichos” e baixalo aos produtos básicos.
- Baixar o soldo máximo para subir o mínimo
- Marcar os impostos dependendo das rendas e os salarios
- Facer eventos benéficos
- Que os colexios públicos e os privados teñan o mesmo nivel
- Facer investigación sobre por que hai nenos que non van a clase e axudalos se o necesitan.
- Que as universidades sexan gratuítas ou que se baixe o prezo.
- Intentar evitar a pobreza infantil que seguramente derive nun futuro pobre para eses nenos e nenas.

- Non pedir tantos requisitos para que a xente poida traballar.
- Que a idade, o xénero ou etnia non sexan condicionantes para atopar traballo.
- Que se visibilicen máis as ofertas laborais.
- Para que os imprevistos de última hora non repercutan tanto na nosa economía, baixar os prezos dos seguros.
- Que nun país non governe só un partido político e que haxa máis participación cidadá.
- Crear máis Consellos nos que participen persoas de distintas idades para debater e dar novas solucións.
- Sobre todo concienciar á xente sobre a situación da pobreza mundial mediante obradoiros, anuncios, etc., para que poidamos acabar coa pobreza.

A túa axuda tamén conta!



PROTECCIÓN

No noso grupo traballamos o tema da protección e vimos que un dos temas que máis nos preocupan son o **bulling** e o **cyberbulling**.

Cando unha persoa sofre bulling, para poder axudala nós temos que:

- Apoiar e estar coa persoa que sofre.
- Se iso no funciona, falar co orientador para que nos axude
- Se tampouco nos axuda, intentar axudar outra vez nós mesmos.
- Cambiar o protocolo escolar
- Falar co director ou directora.



É importante non rirse dos demais pola súa **orientación sexual** porque todo o mundo ten dereito á súa liberdade. Para gustos, cores.

E queriamos plantexar estas propostas para que os gobernos as teñan en conta:

- Unha **maior atención** cara aos nenos e nenas que sofren desprotección nas súas familias cun mediador nas escolas.
- Promover a realización de **cursos de formación para pais e nais** sobre a problemática das redes sociais.
- **Que se nos escoite** de forma activa cando detectamos desprotección na infancia.
- **Educación inclusiva** para que nenos e nenas teñan as mesmas oportunidades.
- Queremos que os Concellos e os espazos de participación teñan máis **visibilidade** a través de campañas.
- **Leis e penas máis severas** cando no cole hai unha sanción de expulsión. Esa expulsión debe ocuparse con traballos e actividades de reflexión.
- **Formación continuada para profesores e profesoras** sobre problemáticas detectadas ou denunciadas.

Temos dereito a non ter medo cando saímos á rúa ou na casa ou no cole.

Estas son as conclusións do traballo realizado durante os días 8 e 9 de xuño de 2019 polos representantes dos Concellos Locais de Participación Infantil e Adolescente de Castrelo de Miño, Ourense, O Barco de Valdeorras, Ponteareas, O Porriño, Teo, Carnota, Moeche e Cabanas.

Esperamos que escoitedes todas as nosas propostas e que non sexan esquecidas, porque **nós somos a voz do presente e tamén do futuro.**



**UN PEQUEÑO CAMBIO
PODE CAMBIAR O MUNDO**



Equipo de coordinación:
UNICEF Comité Galicia
Área de Políticas Locais e Participación
Programa Cidades Amigas da Infancia
www.unicef.es
www.ciudadesamigas.org

Calquera persoa é libre de copiar, distribuír e comunicar públicamente esta obra, sempre que se recoñezan os créditos de xeito específico polos editores e autores, e non se utilice con fins comerciais ou contrarios aos dereitos da infancia.

En colaboración con Atelier Social
Fotografías: Atelier Social
www.ateliersocial.org
Deseño e maquetación: Ecovigo Publicidad
www.ecovigo.com

Coa colaboración de:
Xunta de Galicia e Concello de Castrelo de Miño.

Promove:



Colaboran:

